

An aerial photograph of a rural landscape. In the foreground, there is a large, flat green field. In the middle ground, a dense line of trees separates the field from the background. Behind the trees, there are several smaller green fields, some of which appear to be divided into sections. A dirt path or road is visible winding through the trees in the upper right corner. The overall scene is lush and green, suggesting a healthy agricultural or natural environment.

A condicionalidade os pastos permanentes:

protección e mantemento

XUNTA DE GALICIA





Condicionalidade e axudas da PAC

Coa reforma da Política Agraria Común (PAC) do ano 2003 e co obxectivo de fomentar unha agricultura mais orientada ao mercado e sostible, implantouse o pagamento único por explotación, condicionando este pagamento e outras axudas derivadas da PAC ao cumprimento dunha serie de requisitos medioambientais, de seguridade alimentaria, de saúde e benestar dos animais así como do mantemento da explotación en boas condicións agrarias e medioambientais, agrupados no concepto de **condicionalidade**.

Na normativa relativa á reforma recoñécese que os pastos permanentes teñen un efecto medioambiental positivo e obriga a adoptar medidas para fomentar o seu mantemento.



Que se considera pasto permanente?

Na normativa da PAC considéranse **pastos permanentes** as terras utilizadas para o cultivo de gramíneas u outras forraxes herbácea, xa sexan naturais (espontáneas) ou cultivadas (sementadas), e non incluídas na rotación de cultivos da explotación durante **cinco anos ou máis**.

Xenericamente considérase **pasto** calquera recurso vexetal que serve de alimento para o gando, ben en pastoreo (pastado directamente polo gando) ou ben como forraxe (parte vexetativa das plantas que se utiliza na alimentación do gando, unha vez cortada ou segada, ben directamente ou ben conservada como o feo, ensilado, etc.).

O termo **pasto** comprende todos os demais que se consideran a continuación:



PASTO CON ARBOREDO (PA no SIXPAC): Monte con arborado aberto, oco ou aclarado (natural ou artificialmente), que se utiliza para pastoreo extensivo, aínda que a gandería non sexa a súa produción principal. Están ben representados os estratos arbóreo, arbustivo e herbáceo.



Pasto con arborado

PASTO ARBUSTIVO (PR no SIXPAC): Pasto procedente de especies leñosas de escasa altura (árbores de porte achaparrado e verdadeiros arbustos) que en xeral é aproveitado por pastoreo. Inclúe vexetación natural herbácea e arbustiva e cultivo de arbustos forraxeiros.



Pasto arbustivo



Prado



Pasteiro



Pradería

PRADO (PS ou TA no SIXPAC): Comunidade vexetal espontánea densa e húmida, sempre verde aínda que pode haber un certo agostamento no verán, producida polo home ou a acción do pastoreo. Pódese aproveitar por sega ou pastoreo indistintamente. A humidade pode provir do rego.

PASTEIRO (PS ou TA no SIXPAC): Comunidade natural dominada, en xeral, por especies bastas que, por efecto do clima, seca ou agosta no verán. A súa densidade é variable e frecuentemente está salpicado de especies leñosas. Aproveítase mediante pastoreo extensivo.

PRADERÍA (PS ou TA no SIXPAC): Cultivo polifito constituído fundamentalmente por gramíneas e leguminosas, que pode ser aproveitado por sega ou pastoreo de forma indistinta. En xeral son plurianuais. Co paso do tempo poden naturalizarse (as especies sementadas son substituídas por espontáneas), transformándose en prados ou pasteiros, en función da humidade.



Vantaxes do bo mantemento dos pastos permanentes

1. Aproveitamento óptimo das condicións agroclimáticas para a produción de alimentación forraxeira.
2. Menor dependencia da produción gandeira da adquisición de alimentos.
3. Redución dos custos de produción.
4. Mantemento do hábitat natural e das boas condicións agrarias e medioambientais.
5. Redución do risco de incendios.
6. Posibilidade de percibir íntegras as axudas directas derivadas da PAC.

O aproveitamento dos pastos permite a menor dependencia da produción gandeira de alimentos mercados



Problemas derivados do abandono dos pastos permanentes

1. Diminución da produción de alimentos forraxeiros.
2. Menor eficiencia na produción gandeira, ben por diminución da mesma ou por incremento dos custos de alimentación.
3. Deterioro do hábitat natural e da paisaxe.
4. Incremento do risco de incendios forestais e do risco de erosión.
5. Diminucións de todas as axudas da PAC se non se manteñen as boas condicións agrarias e medioambientais (Condicionalidade).
6. Imposibilidade de percibir o pago único por explotación nesa superficie se o grao de abandono do pasto é alto.

Unha actividade especialmente sensible é a queima incontrolada de pastos, particularmente por negligencia do agricultor, que dará lugar a diminución das axudas tanto do pago único como doutras axudas derivadas da PAC. No caso de QUEIMA de pastos nos que se considere a existencia de INTENCIONALIDADE, igual que noutros incumprimentos, o agricultor pode ser excluído das axudas.



Que pode facer o agricultor para contribuír ao bo mantemento dos pastos permanentes?

1. Realizar o aproveitamento do pasto cunha cantidade de gando (carga gandeira) axeitada á produción de forraxe en cada época do ano, controlando desta maneira o crecemento excesivo da biomasa.



O manexo da carga gandeira permite
o control do pasto

2. Alternar o pastoreo coa sega para aproveitar eficientemente a produtividade do pasto e as necesidades de alimentación do gando.
3. Segar, se é o caso, os rexeites do pastoreo para controlar a invasión da matogueira.
4. No marco do contrato de explotación sustentable (CES) o agricultor pode obter axudas para a mellora de pastos mediante roza.



5. No caso de superficies de difícil mecanización, con elevada pendente, utilizar a rexeneración de pasto, previa autorización do Servizo competente da Consellería do Medio Rural, mediante queima controlada do mesmo.
6. Evitar a queima incontrolada e sen autorización dos pastos.
7. No caso de producirse a queima, por causas alleas ao agricultor, realizar traballos que conduzan a unha rexeneración rápida do pasto, mediante a distribución de sementes na época axeitada e realización de traballos que minimicen a erosión.

O CES permite obter axudas para a mellora de pastos mediante roza



Como se comproba o bo mantemento dos pastos permanentes?

No marco xeral da xestión de axudas derivadas da PAC, os Servizos do FOGGA establecen e executan planos de controis sobre o terreo para verificar o mantemento axeitado dos pastos, tanto nas parcelas de titularidade do agricultor como nas parcelas pertencentes a superficies de uso en común (Montes veciñais). Estes controis afectan cada ano nun mínimo do 5% dos solicitantes de axudas baseadas en superficies para admisibilidade e un mínimo do 1% a efectos de condicionalidade.

Considérase o bo mantemento dos pastos cando:

- a) Existe unha vexetación herbácea, fundamentalmente constituída por especies de gramineas e leguminosas, unida ou non a especies arbustivas ou arbóreas, e que se poida considerar incluída nun dos tipos de pasto indicados.

- b) Se mantén un nivel de carga gandeira efectiva que evite a invasión do mesmo pola matagueira e o risco de produción ou propagación de incendios forestais. No caso de vexetación arbórea e arbustiva coexistente coa herbácea, o pasto debe evidenciar que o gando pode acceder e penetrar, a toda a superficie da parcela para o pastoreo da vexetación espontánea ou sementada. Ademais debe existir evidencia do consumo da vexetación herbácea e arbustiva, no seu caso, polo gando e a existencia de dexeccións dos animais na superficie dedicada ao pasto permanente.
- c) No caso de que non se evidencie unha carga gandeira efectiva deberán terse realizado labores de mantemento (sega, rozado, aclareo, etc.) que eviten a degradación do pasto, a invasión da matagueira e a produción ou propagación de incendios forestais.

Exemplo de pasto arbustivo mantido
por pastoreo de bovinos e equinos



No control pódense diferenciar as situacións seguintes:

- a) A superficie cumpre todas condicións para ser considerada un pasto permanente en bo estado de mantemento.
- b) A superficie declarada como pasto permanente non pode considerarse como tal, correspondendo a outro uso do SIXPAC distinto dos compatibles cos pastos permanentes. Deberase cambiar o seu uso no SIXPAC.
- c) A superficie declarada como pasto permanente pode considerarse como tal pero está degradado, é dicir, o seu mantemento non é axeitado de acordo coas boas condicións agrarias e medioambientais (carga gandeira efectiva axeitada ou labores de roza, sega, etc).

Nos casos **b)** e **c)** os incumprimentos darán lugar a unha diminución das axudas.



Caso a), pasto permanente ben mantido



Caso b), superficie non válida como pasto permanente



Caso c), pasto permanente degradado



Diminución das axudas por mal mantemento dos pastos permanentes (Condicionalidade)

Os incumprimentos da condicionalidade afectan ás seguintes axudas:

Financiadas polo FEAGA:

- Pagamento único
- Vacas nutrices
- Sacrificio de bovinos
- Adicional vacas nutrices
- Adicional sector lácteo
- Adicional vacún de calidade
- Específicas de ovino-cabrán
- Axudas para calidade de legumes
- Axudas ao sector lácteo en zonas vulnerables
- Axuda para fomentar produtos lácteos de calidade

Financiadas polo FEADER:

- Indemnización compensatoria
- Agroambientais
- Benestar dos animais
- Primeira forestación de terras agrícolas (mantemento)

O incumprimento no mantemento dos pastos permanentes observado nos controis sobre o terreo realizados polo FOGGA, avaliarase segundo:

- a gravidade do mesmo (leve, grave, moi grave)
- o alcance (se afecta á explotación ou tamén fora da explotación)
- a persistencia (se o efecto do incumprimento dura mais ou menos dun ano, ou se os efectos son non reversibles)

Esta avaliación integrárase coas correspondentes a outros controis relativos á condicionalidade efectuados no mesmo ano doutros elementos.

No caso de incumprimentos por negligencia as redución poden variar do 1 ao 5% da totalidade das axudas do ano no que se constate o incumprimento. Se existe repetición do incumprimento en anos posteriores as axudas poden reducirse ata un 15%,

No caso de que aprecie intencionalidade no mal mantemento dos pastos a redución das axudas poderá ser do 20 ao 100% das axudas do ano en cuestión.



O pasto constitúe un recurso da explotación gandeira

Se os organismos especializados no control da condicionalidade, consideran que **todos** os incumprimentos atopados a un agricultor determinado son menores (avaliados con gravidade: leve, alcance: dentro da explotación e persistencia: menor dun ano), non se lle aplicará redución algunha, sempre e cando corrixa as deficiencias atopadas no control.



O aproveitamento
axeitado dos pastos
contribúe decididamente
a obter unha produción
gandeira sustentable
en Galicia



Unión Europea
Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural



MINISTERIO
DE MEDIO AMBIENTE
Y MEDIO RURAL Y MARIPO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



FOGGA
FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA



XACOBEO 2010
Galicia